

LISTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL: PUBLICACIÓN EN DOG LISTAS ÚNICAS E VALORACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS

Santiago de Compostela 10/05/2022

Publicada hoxe en DOG a [resolución pola que se fai pública a relación de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo que solicitaron a inclusión nas listas únicas e a nova valoración definitiva dos méritos de todas as persoas admitidas nas devanditas listas.](#)

Podes consultalas:

- No portal web corporativo da Xunta de Galicia, <https://www.xunta.gal/funcion-publica/contratacion-temporal/xeracion-de-solicitudes>
- Nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia.

Información que figura nas listas:

- Persoas solicitantes admitidas nas listas únicas, procedentes de listas de contratación temporal de categorías profesionais laborais equivalentes
- Nova valoración dos méritos de todas as persoas admitidas nas listas únicas, incluídas as admitidas con carácter definitivo por solicitudes anteriores á dita data, con indicación da puntuación definitiva resultante da aplicación do baremo.
- Persoas excluídas con expresión da causa de exclusión.

As listas entran en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

A entrada en vigor destas listas únicas implica o peche das listas de contratación temporal de categorías profesionais equivalentes aos corpos, escalas e especialidades que se relacionan no anexo desta resolución:

CORPOS E ESCALAS DE PERSOAL FUNCIONARIO

GRUPO	CORPO/ESCALA	DENOMINACION
A1	205G	Escala de sistemas e tecnoloxía da información
A1	2060	Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A1	2062	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de camiños, canles e portos
A1	2064	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría industrial
A2	2051	Corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A2	205H	Escala de xestión de sistemas de informática
A2	2077	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica agrícola
C1	2053	Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
C1	205I	Escala técnica auxiliar de informática
C2	2059	Corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
	2055	Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia